

WEBINAR INFORMATIVO

Elaboración de Informes de Sustentabilidade para empresas alimentarias: ferramentas chave



17 de setembro



9.30 horas



Online

Na actualidade, o reporte que levan a cabo as empresas en materia de accións sostibles está a adquirir gran relevancia. Alén, o marco legislativo europeo relacionado coa Directiva Europea UE2022/2464 sobre Información Corporativa en materia de Sustentabilidade (CSRD) busca mellorar a calidade do *reporting* non financeiro, considerando a cadea de subministro.

Nese aspecto, a elaboración de Informes de Sustentabilidade Corporativa supón unha excelente vía para comunicar os compromisos, obxectivos e avances das empresas de xeito efectivo e transparente. Por iso, Clusaga colabora con Captology e a consultora 17 ODS na organización dun webinar informativo para orientar ás empresas alimentarias nesta materia, que terá lugar o 17 de setembro, ás 9.30 horas.

Así, a sesión permitirá abordar dúas ferramentas chave na elaboración de Informes de Sustentabilidade Corporativa: as Normas Europeas de Información sobre Sustentabilidade (NEIS) como panca de información para todas as empresas da cadea de valor; e a importancia da avaliación da dobre materialidade. Ademais, o webinar servirá para expoñer a posible interoperabilidade con outros estándares recoñecidos como GRI, e para a presentación dun caso que sirva como exemplo.



CAPTOLGY
17 ods

Ignacio Hernández-Ranera



Consultor de Sustentabilidade. ESG, CSRD, Desenvolvemento de solucións baseadas en tecnoloxía.

Consultor de sustentabilidade que traballa apoiando ás organizacións na mellora do seu desempeño ambiental, social e de goberno (ESG), a través da implantación de estándares internacionais como GRI ou ERSR/NEIS, entre outros.

Máis información:

✉ circular@clusaga.org

📞 682 616 021

INSCRICIÓN

Organiza:



clúster alimentario de galicia